

# PLAN ANUAL DE LECTURA

(CURSO 2018- 2019)

IES OTERO PEDRAYO



# ÍNDICE

---

1. INTRODUCCIÓN .....	3
2. FUNDAMENTOS LEGAIS.....	3
3. OBXECTIVOS XERAIS E REQUERIMENTOS.....	3
4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN .....	5
5. MECANISMOS XERAIS PARA FAVORECER AS ACTUACIÓNS DESTINADAS Ó FOMENTO DA LECTURA .....	5
6. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO 2018-19 .....	10
7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS: .....	17
7.1 ACTIVIDADES XERAIS.....	17
7.2 ACTIVIDADES XERAIS PUNTAIS.....	18
7.3 CONTRIBUCIÓN DE CADA DEPARTAMENTO Ó PLAN LECTOR DO CENTRO E Á LECTURA:.....	21
7.3.1 DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ .....	21
7.3.2 DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA .....	23
7.3.3 DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA.....	25
7.3.4 DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA .....	26
7.3.5 DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA .....	26
7.3.6 DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA .....	26
7.3.7 DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.....	27
7.3.8 DEPARTAMENTO DE INGLÉS.....	29
7.3.9 DEPARTAMENTO DE LATÍN .....	29
7.3.10 DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....	30
7.3.11 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. APORTACIÓNS DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR E AO PLAN ANUAL DE LECTURA. ....	30
7.3.12: DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. APORTACIÓN DEL DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA A LAS ACTIVIDADES DE LA BIBLIOTECA.....	32
8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA. RUTINAS DE LECTURA: A HORA DE LER.....	34
9. RECURSOS E MATERIAIS .....	35
10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....	35
1-Índice de lectura:.....	35
2-Actitude do alumnado ante a actividade:.....	35
3-Competencia literaria. Elección de material bibliográfico por parte do alumnado: .....	36
4-Velocidade lectora: .....	36
ANEXOS .....	37
ANEXO I: LECTURAS OBRIGATORIAS (CURSO 2018-19).....	37
ANEXO II: ENQUISA (UN ANO DE PLAN LECTOR) .....	38
ANEXO III: CALENDARIO PLAN LECTOR 2018-19 .....	39

## 1. INTRODUCCIÓN

O Plan Anual de Lectura do IES Otero Pedrayo, a través do deseño de actividades concretas e fórmulas de intervención específicas, desenvolve cada ano o Proxecto Lector de Centro, dende o que se articulan e sistematizan todas as actuacións deseñadas polos distintos departamentos didácticos e pola biblioteca escolar.

A biblioteca será o recurso de referencia para todas as actuacións que busquen a mellora nas competencias básicas de lectura, escritura e habilidades para o uso e produción de información. É o lugar que ofrece oportunidades de aprendizaxe, de colaboración e de convivencia armónica.

Despois de varios cursos de desenrolo do Plan, é notorio un notable incremento do hábito lector. No presente curso escolar e de cara ós vindeiros, tratarase de continuar coas experiencias exitosas, mesmo de acometer outras actuacións e de implantar as novidades e as ideas que vaian xurdindo ó longo do curso.

Este plan de lectura non é un proxecto pechado e así, ó longo do curso, en función dos resultados acadados coas medidas deseñadas e aplicadas inicialmente, realizaranse as modificacións que sexan pertinentes para acadar os obxectivos propostos.

## 2. FUNDAMENTOS LEGAIS

O marco legal da LOMCE recolle, nos seguintes termos, a importancia de traballar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das arias do ciclo.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 3. OBXECTIVOS XERAIS E REQUERIMENTOS

O Plan Anual de Lectura, para ser operativo, debe ser un documento flexible, realista, consensuado e ha de facilitar o traballo docente. Debe poder ser aplicable a todos os niveis e ten que contar coa biblioteca escolar como recurso fundamental.

- Debe desenvolver a competencia lectora.
- Debe favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.

Para isto servirse de todos os mecanismos (“hora de ler”) e recursos (biblioteca...) dos que dispón o centro.

Dado que cada vez é maior o número de alumnos doutras nacionalidades que precisan unha adaptación previa e unha rápida adquisición das destrezas lectoras e de comprensión. Dende o departamento de Orientación e dende a Biblioteca escolar proporciónaselle a este alumnado o capital humano e material máis urxente e necesario: adquisición de todos os manuais de “ELE” (español, lingua extranjera) e dicionarios específicos que os alumnos usarán nas distintas estancias do centro.

- Apoiar a adquisición das competencias básicas.
- Contribuír a incrementar os hábitos e o gusto pola lectura de toda a comunidade educativa.
- Organizar actividades relacionadas coa lectura.
- Ser un apoio máis ó Plan de Convivencia do centro xa que, artellando actividades que esixan a colaboración e a implicación de moitas persoas, toda a comunidade pode participar en harmonía, aprender e desenrolar o gusto pola lectura, por os libros e por o saber en xeral (xornadas de lectura continuada, exposición de fondos...)

*Dende a coordinación do Plan tratarase de:*

- Dinamizar e impulsar a súa aplicación, sempre en colaboración co equipo directivo.
- Administrar as ferramentas educativas e facilitar a utilización dos recursos da biblioteca, que estarán a disposición do profesorado que o necesite.
- Asesorar e orientar ó profesorado do centro na solución dos problemas que poidan xurdir na súa aplicación e sobre os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do proxecto.
- Establecer canles para a difusión da experiencia e o intercambio de información con outros centros, dando a coñecer os resultados acadados coa experiencia de cada curso escolar.
- É moi importante que todo o profesorado se implique no Plan lector, achegando ideas e desenvolvendo actividades.
- Informar ó claustro respecto das actuacións relacionadas co Plan lector e as intervencións da biblioteca, canalizando as súas demandas, propostas e opinións. Pedirase ó profesorado que opine sobre o Plan e faga propostas coa fin de que sexa dinámico e se sinta como un proxecto de todo o centro.
- A colaboración co departamento de actividades extraescolares nas actividades que teñan que ver coa lectura e os libros: visitas de autores, feiras do libro...

Para a consecución destes obxectivos é necesario partir dunha

## **Análise da situación de lectura no centro:**

Así, pásaselles ós alumnos unha enquisa anónima sobre os seus hábitos lectores e compárase a situación de partida coas actitudes hacia a lectura e cos hábitos adquiridos ó longo do curso (**Ver anexo II**).

Tratarase de ver se a final de curso quedaron resoltos os problemas inicialmente detectados: pouca exercitación das destrezas lectoras, falta de concentración, pouco acercamento voluntario ós libros, escasa competencia léxica, preferencia polos medios audiovisuais. Neste senso hai que sinalar que dende a implantación do Plan pódense apreciar signos positivos de utilidade do mesmo, sobre todo en canto ó acercamento voluntario ós libros por parte do alumnado.

## **4. ÁMBITO DE ACTUACIÓN**

Neste momento, o Plan de lectura desenvólvese en todos os cursos e, aínda que en Bacharelato non se leva a cabo a “hora de ler”, si se lle ofrecen a estes alumnos todas as ferramentas e todo o apoio para incrementar igualmente o seu gusto polos libros e pola lectura en xeral.

O Plan desenrólase ó longo do curso académico, e a análise dos resultados acadados reflíctese na memoria da biblioteca; amósanselle ó profesorado os gráficos e conclusións e reflíctese todo na Memoria Xeral final do Centro.

## **5. MECANISMOS XERAIS PARA FAVORECER AS ACTUACIÓNS DESTINADAS Ó FOMENTO DA LECTURA**

No IES Otero Pedrayo, de forma consensuada, séguense articulando os mecanismos e os medios que se necesitan para favorecer todas as actuacións destinadas ó fomento da lectura. Así:

1. Contamos coa **existencia dunha biblioteca escolar**, centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

Son moitas as actuacións que teñen relación coa mesma:

- Dende a biblioteca establécese unha comunicación constante con todos os departamentos didácticos. Ó comezo, e en distintos momentos do curso pídeseles ós profesores que envíen listas de libros (non de texto, nin de lectura obrigada) vencellados á súa materia, que ós alumnos lles viría ben poder manexar e que, polo tanto, sería convinte ter no caudal bibliográfico do centro, tanto para o presente curso escolar como para os vindeiros. Prégase que os libros veñan anotados por orde de preferencia para así, en función da dispoñibilidade de cartos que haxa cada ano, se merquen sempre as primeiras peticións de todos os departamentos.

Trátase de que na biblioteca se poida contar con material bibliográfico de calidade, a disposición de toda a comunidade educativa e non só dos profesores especialistas de cada disciplina nin só das persoas que poidan mercar libros, ás veces de custo elevado; de que o alumnado teña, na súa propia biblioteca escolar, fácil acceso á lectura de obras de interese e de que saiba apreciar os recursos dos que dispón.

- Son destacables as propostas de lecturas relacionadas coas distintas áreas do currículo, suxeridas polo profesorado de todas as disciplinas a través das aportacións anuais de todos os departamentos ó PAL.

Por outra banda, o profesorado segue propiciando a chegada á biblioteca de material científico de divulgación é amplamente solicitado por alumnos e profesores e desperta interés e curiosidade entre lectores de distintas idades.

- O departamento de Filosofía segue proporcionando listados de suxestións para os alumnos de Bacharelato.
- Dende os departamentos de linguas galega e castelá, apostarase por os clásicos e as adaptacións dos mesmos.
- Na biblioteca, cobran especial relevancia as seccións temáticas que pretenden dar resposta ás inquedanzas do alumnado. Así, gusta especialmente o rincón de “Novelas gráficas e clásicos en cómic” xénero moi demandado polos estudantes. Importante descubrimento para o alumnado tradicionalmente pouco interesado nestes temas.
- Dende os departamentos de linguas estranxeiras, solicítase a ampliación do caudal bibliográfico e así obsérvase un feito moi significativo: o incremento do hábito de ler obras noutros idiomas.
- Preténdese que os libros dos distintos departamentos podan levarse á biblioteca para ser usados por quen os precise, rexistrar os exemplares indicando a súa pertenza ó departamento en cuestión, deste xeito, levando un rexistro de todos os movementos que se produzan, poderase servir deles toda a comunidade educativa do centro, sin que as existencias dos seminarios se vexan mermadas.

Trátase de aproveitar ó máximo todo o material do que se dispón no centro e de darlle vida ós libros arrinconados ou olvidados nas distintas estancias do instituto.

- Seguirase invitando ó alumnado a ir construíndo a súa propia biblioteca persoal e, dende o curso pasado comezamos co artellamento dun sistema de intercambio, movemento e préstamo de libros entre os estudantes que deu moi bos resultados.
- No curso 2018-19 continúaase co sistema de implicación do alumnado colaborador nas tarefas de biblioteca.
- Por outra parte, toda a actividade educativa e a vida cultural do centro está moi directamente vencellada á biblioteca escolar, dende donde se participa na elaboración de actividades que teñen que ver co enriquecemento cultura, en xeral.
- Un ano máis, a principio de curso, os alumnos de recente incorporación ó centro visitan a biblioteca para familiarizarse cos mecanismos de empréstito e uso de

todos os servizos en xeral, para coñecer o caudal bibliográfico que está á súa disposición e para familiarizarse co espazo de lectura e traballo que é a biblioteca.

O obxectivo xeral desta actividade é valorar e respectar a Biblioteca e a lectura como elemento cultural, apreciála como fonte de disfrute e como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo. No presente curso escolar, a actividade dirixese tamén ó alumnado de 1º de Bacharelato, e a invitación amplíase a todos os membros da comunidade educativa interesados en coñecela.

### **Desenvolvemento da actividade:**

- Recepción, ó comezo do ano académico, dos distintos grupos de alumnos (nas horas de titoría nos cursos da ESO; e nas de Actividades de Estudo en Bacharelato; ou noutras horas, segundo o soliciten os profesores) para dar a coñecer a biblioteca, a CDU, a colocación dos libros e dos outros materiais, o sistema de empréstitos, as normas de uso, a importancia do carné... incidindo na grande variedade de recursos que ofrece a Biblioteca para o lecer, a información e a aprendizaxe.
- Reparto, entre o alumnado, de distintos dicionarios, para observar como en cada un se da información distinta: significados, orixe das palabras, uso correcto das verbas, etc.
- Exposición dos fondos de valor histórico. A biblioteca do IES Otero pedrayo ten moitos libros antigos, o que demostra que foi un importante centro de cultura da cidade. Nun momento puntual do curso pretendemos dalos a coñecer a toda a comunidade educativa.
- Mostrarlles exemplares de distintas épocas, seccións e puntos temáticos.
- Referir experiencias da Biblioteca Pública ou doutras e ver en qué se diferencian da propia.
- Intercambiar lecturas propias. Ver as que hai na biblioteca. Confecciónase un listado de lecturas interesantes e colócase no taboleiro.

Dado que a organización dos fondos bibliográficos adáptase ás características funcionais como físicas da biblioteca, na que os libros ocupan os estantes colocados por seccións, tendo os usuarios acceso directo ós mesmos, e xa que a clasificación e ordenación dos volúmenes segue basicamente a C.D.U. (clasificación décima universal), aínda que simplificada, tendo en conta as peculiaridades propias dunha biblioteca escolar, é interesante fomentar no alumno a interpretación dos mecanismos de organización da biblioteca (pegatinas de cores para diferenciar seccións e apartados concretos...), para facilitar a localización dos libros desexados e mesmo para descubrir potenciais libros que poidan ser do seu agrado. Trátase de prestarlle ó alumnado todo o apoio necesario para que se familiarice e aprecie o mundo dos libros e da lectura.

### **Actividade que se leva a cabo durante todo o curso:**

- Explicación, por grupos de alumnos, do funcionamento da biblioteca. Clases de bibliotecas; tipos de libros onde buscar información (formar usuarios de bibliotecas).
- Pedir a súa colaboración na búsqueda bibliográfica de temas concretos.
- Recollida de noticias e información que se arquivará para cursos posteriores.
- Invitación á participación en certames, concursos e ampliación das seccións da biblioteca.

### ***Obxetivos básicos da biblioteca como lugar de aprendizaxe e estudo:***

- Cooperar co programa escolar do centro a fin de satisfacer as necesidades de alumnos e profesores.
- Fomentar nos lectores o uso de materiais bibliográficos.
- Potenciar a lectura formativa e recreativa do alumno, convertíndoo en usuario potencial doutras bibliotecas.

A presenza dos alumnos na biblioteca é aproveitada para fomentar neles o uso de materiais bibliográficos como instrumento de traballo, polo que se lles proporciona a miúdo explicación dos medios que deben consultar para conseguir a información precisa.

A Biblioteca presta o seu servizo durante unhas horas do horario lectivo, incluídos os recreos, momentos nos que é máis solicitada para os préstamos de libros e búsqueda de información; tamén acuden voluntariamente a ela cando as súas obrigacións escolares llo permiten ou se lles fai necesaria con traballos programados. En definitiva, cóntase con ela como espacio de recursos de información, de lectura e aprendizaxe; dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

### **2. Integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.**

Labor que xa se vén realizando e da que se dá conta nas distintas programacións didácticas de todas as disciplinas.

### **3. A formación de lectores competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.**

A posta en práctica dun Plan Lector de Centro que garante a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.



4. **O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura, mediante a creación de ambientes lectores.**

- Preténdese que a biblioteca escolar sexa o espazo máis directamente vencellado á lectura, un espazo onde os alumnos encontren silencio, material, ambiente de estudio e todos os elementos que invitan ó disfrute dos libros.
- Nestes últimos anos, traballamos na remodelación deste espazo e creamos, dentro da sala, tres recunchos de lectura especialmente agradables para o cómodo disfrute da actividade de ler e mesmo para comentar detalles dos libros elexidos.
- Igualmente, téntase abrir de novo a sala de lectura e consulta no edificio anexo ó principal (sempre que as posibilidades de horario do profesorado así o permitan).
- Mediante o desenvolvemento do Plan Lector, as aulas e todos os espazos do centro convértense en estancias propicias para a lectura, co que se pode dicir que o ambiente lector predomina en todo o centro escolar.

5. **O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.**

É constatable a importancia de contar con este valioso recurso no centro escolar, xa que así se garante o acceso á cultura e ós materiais bibliográficos para todo o alumnado.

Seguirase **mantendo e ampliando a exposición de material científico de divulgación e material bibliográfico peculiar** (novelas gráficas...), que desperta o interese e curiosidade entre lectores de distintas idades e aumenta considerablemente a demanda deste tipo de lecturas entre todo o alumnado do centro.

Preténdese **seguir traendo fondos procedentes dos distintos departamentos** para que estén na biblioteca a disposición de toda a comunidade educativa.

Coa intención de iniciar no hábito da lectura ós estudantes menos lectores, seguirase ofrecendo unha **guía de títulos** na que aparezan as obras máis solicitadas, por sexos e en xeral; seleccións de clásicos adaptados para as distintas idades e suxestións varias. Tamén se continuarán elaborando listados de obras das distintas seccións para que os alumnos as coñezan e poidan analizar e buscar información sobre as súas preferencias, antes de solicitalas na biblioteca.

**Ampliar o espazo** habilitado para albergar as **obras máis lidas** e demandadas polos alumnos, independentemente do xénero ó que pertencen e da antigüidade das mesmas; xa que resulta ser un excelente reclamo para a lectura, mesmo para os alumnos máis reticentes e pouco habituados a ler.

Como resposta ás inquiredanzas e ó interese amosado por un grupo de alumnos, organizarase o **reparto das revistas** que recibe o centro (National Geographic, Muy Interesante, Grial, Biblos...) pertencentes a anos e meses pasados, o material que vai quedando obsoleto. Son moitos os alumnos interesados por reler estas publicacións de calidade e, ó longo deste curso, coincidindo con eventos ou creando un concurso especial pretendemos dar resposta á súa inquiredanza. Así

mesmo, neste curso, incluímos exemplares das mesmas nas caixas de libros preparadas para a “hora de ler”.

6. **Actuacións para favorecer a competencia lingüística do alumnado en distintas linguas**, adquirindo máis material bibliográfico de distinto tipo (aprendizaxe da lingua, ficción...), adecuado ó nivel de ensino medio; expoñéndoo en zonas especiais da biblioteca e creando os carteis que anuncien as novidades nos taboleiros de entrada á biblioteca para que, unha vez acadados importantes logros na adquisición do hábito lector entre os estudantes, tamén se convirta en habitual o movemento de libros noutras linguas estranxeiras.
7. **Un agasallo para ler:**  
O 23 de abril, día do libro, toda a comunidade educativa do IES Otero Pedrayo está invitada a ler usando o **marcapáxinas** que se lle entrega a todo o mundo, nas aulas, a primeira hora da mañá. Neste curso, pretendemos que sexan os almos os encargados do deseño.  
Con esta práctica, xa consolidada, dáselle ó libro e á lectura relevancia, consideración e aprecio; convértese o día do libro nunha xornada de harmonía sumamente especial.
8. Dende a biblioteca, dáselle especial **difusión** á **nova revista científica do centro “POSÍO”** así como á xa consolidada **“Rañolas”**

## 6. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO 2018-19

### 6.1 En relación coa organización e xestión. Configuración da biblioteca como laboratorio creativo de aprendizaxes.

A nosa **biblioteca medra e mellora cada ano**, atraendo ós membros da comunidade educativa para **traballar**, disfrutar da **lectura relaxada**, para **informarse e aprender**. Seguiremos acometendo **actuacións de dinamización, transformación do** espazo para facelo máis agradable e atractivo para a **lectura**, para a **búsqueda de información, para convertelo** nunha zona de **traballo e de participación, incorporando a biblioteca nos procesos de ensino-aprendizaxe**. Nunha biblioteca das dimensións e da complexidade da nosa, hai que seguir coas labores de acondicionamento, expurgo, reubicación de fondos, catalogación e revisión de material bibliográfico. De cara ó **futuro**, continuamos nesta nova andadura de dinamización e de plena implicación na vida escolar. Queremos **seguir impulsando as transformacións**, facela aínda máis acollidora, **útil e ben dotada**; á vez que estreitamos o seu vínculo cos distintos grupos de persoas que conforman a vida dun centro. **Búscase a implicación plena de todos** os equipos e sectores que integran a vida escolar. Así, pretendemos:

- Seguir obtendo do equipo directivo o **apoio económico** necesario para acometer actuacións máis ambiciosas. De cara ó vindeiro curso é **imprescindible mercar máis mobiliario** para organizar o material e as distintas tarefas. Mercar **xogos de mesa, xadrez**. Se a dispoñibilidade económica e o espazo o permite, algún **ordenador** máis.

A pesares das dificultades que isto supón, nun centro das dimensións e da complexidade do noso (dous edificios, necesidade de moito profesorado de garda, estudos nocturnos, espazos pouco funcionais...), queda xa perfilada a idea de **ampliar o número de persoas integrantes do equipo de biblioteca**. Se é posible, pasaremos a ser tres ou catro.

- Isto permitiranos contar con máis tempo **para seguir catalogando e reubicando os libros recibidos** albergados provisionalmente na sala de lectura do edificio anexo. A idea é **distribuílos**, debidamente organizados, entre a sala de lectura do edificio novo e a biblioteca, que se atopa no edificio antigo e **publicitalos** entre a comunidade escolar.
- Para o curso 2018-19 queremos seguir na liña actual de **ampliar todo o posible o horario de apertura da biblioteca** e darlle así facilidades ó alumnado para consultar, solicitar empréstitos ou devolver libros máis alá dos tempos de lecer. Pensamos tamén en aproveitar e en sacarlle o máximo partido á estancia tanto para o desenrolo de **clases** coma para actividades de todo tipo.
- **Abrir nos recreos a sala de lectura** do edificio no que se atopan os cursos de Bacharelato. Na actualidade non é posible, aínda que segue figurando dentro das nosas pretensións.
- Continuar na liña de **implicación do alumnado**, ideando e poñendo en práctica estratexias para que os estudantes sigan **acudindo masivamente á biblioteca**, implicándose nas tarefas e propostas da mesma e valorándoa positivamente. Nun centro das dimensións do noso, é prioritario facerlles chegar información ós pais. Se os medios humanos nolo permiten, proporemoslles máis **actuacións viables: doazóns de libros, concursos, intercambios...**
- Continuar co proceso de **vínculo e implicación** de todos os **departamentos didácticos**, para que no vindeiro curso sexan algúns máis os que respondan á demanda de colaboración. Seguir mantendo unha comunicación constante entre a biblioteca e os profesores dos distintos departamentos e membros da comunidade educativa en xeral.
- Seguir, ó longo do próximo curso, coa labor de **eliminación, modificación e arranxo de rexistros existentes** anteriores á incorporación da biblioteca no Plambe, por non responderen ás esixencias do programa Meiga. Dada a cantidade de libros destas características nunha biblioteca cunha grande cantidade de material bibliográfico antigo, prevese que esta tarefa continúe aínda durante bastante tempo.

- **Ampliar** o **espazo** habilitado para albergar as **obras máis lidas, as obras de lectura obrigada**, así como as dos **novos recunchos recentemente creados**.
- **Mercar máis material** para crear unha **videoteca de préstamo**, non só vencellada ás **linguas modernas**. Adquirir material **noutros soportes** e rexistralo na biblioteca, aínda que, debido á escasez de espazo, a súa ubicación teña que ser distinta á da biblioteca escolar.
- Continuar na procura de que a **Biblioteca** chegue a ser **centro de recursos documentais do instituto** (que teña centralizados e debidamente rexistrados, catalogados e ubicados os materiais bibliográficos de uso xeral no Centro) ó servicio de todos.

## **6.2 En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución á alfabetización múltiple e ó desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.**

**Aproveitaremos** os recursos seguindo na liña do presente curso escolar no que seguimos aumentando considerablemente a actividade da biblioteca. Así:

- A principio de curso, seguiremos **explicando o seu funcionamento**, dando a coñecer os seus recursos, as posibilidades e o afán de convertela en centro fundamental da vida do Instituto.
- Seguiremola **dinamizando** convertíndoa en **espacio de charlas, tertulias, talleres** de animación á lectura, **exposicións temporais e permanentes**.
- Tentaremos dar a coñecer os existentes, e marcar máis **medios** que **favorezan o acceso á información** en **distintos soportes** (máis ordenadores...).
- Pretendemos **acompañar ó alumnado** na **búsqueda** de datos, de **información**, utilizando **distintos soportes** e formatos para que a biblioteca se consolide como verdadeiro lugar de aprendizaxe e de convivencia. Aproveitaremos para isto a **nova realidade** do vindeiro curso no que, por fin, estaremos **máis persoas** velando por o bo funcionamento e pola mellora da nosa biblioteca.
- Organizaremos e publicitaremos **concursos** relacionados con todas as disciplinas e cos contidos curriculares; colaborando con outros departamentos nos certames que eles promoven; entregando agasallos ó alumnado participante en actividades vencelladas á biblioteca, nas campañas relacionadas coa mesma (neste curso, por quinto ano consecutivo, o xa consolidado **“Concurso de microrrelatos II.”** ), elaborando e repartindo o **marcapáxinas** cada 23 de abril; cambiando mensualmente as **escolmas de libros** e **publicitándoas** nos paneis de acceso á biblioteca e no expositor central.
- Continuaremos reorganizando e **mellorando** os **espazos** da biblioteca; actualizando os **carteis** dos distintos cometidos e zonas, algunhas existentes (rincón de lectura, espazo especial para os libros máis solicitados, outro para os de lectura obrigatoria) e outras **de recente creación** (novelas gráficas e clásicos en cómic; libros do mes, de interese... “).

- Dadas as peculiaridades do novo modelo de alumnado dos centros (cada vez con máis estudantes doutras nacionalidades), seguir mantendo un **vínculo** permanente co departamento de **Orientación** e cos titores, para que o material destinado a estudantes con necesidades educativas especiais e alumnado inmigrante sin alfabetizar, dispoña deste recurso, orixinariamente ubicado, rexistrado e vencellado á biblioteca, pero en permanente movemento polo centro para aproveitar ó máximo a súa utilidade.
- Dende a biblioteca, e consensuado cos departamentos de linguas estranxeiras, seguirase favorecendo a **competencia lingüística** do alumnado en distintas linguas, **adquirindo máis material bibliográfico**.
- Incorporar propostas e actividades xa levadas a cabo con éxito noutros centros da comunidade, dadas a coñecer nos encontros do Plambe e a través do correo para a comunicación entre as bibliotecas de Galicia.
- Seguir **dando a coñecer periodicamente**, mediante listado e exposición as **novidades** da biblioteca e outras recomendacións, atendendo a conmemoracións, efemérides, premios.
- Proporcionar, tanto ós alumnos coma ós profesores, materiais axeitados, útiles, actualizados, para os procesos de ensino-aprendizaxe en todas as materias do currículo.
- En datas próximas ó día do Libro, **creación dun novo concurso literario**, con intención de consolidación e continuidade.
- Tratar de que a biblioteca se convirta no **espacio de traballo, divulgación e conmemoración de feitos destacables de calquer disciplina (concursos literarios, científicos...)**.

### **6.3 En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (competencia para o tratamento da información incluída na actual “competencia dixital”).**

- Se a situación económica o permite, **aumentar o número de ordenadores** da biblioteca.
- Dotala de **aparells: cámara de fotos, cámara de vídeo, reprodutor de DVD**
- Seguir recibindo ós distintos grupos de alumnos (nas horas de titoría nos cursos da ESO; e nas de Actividades de Estudo en Bacharelato; ou noutras horas, segundo o soliciten os profesores) para **dar a coñecer a Biblioteca**, a CDU, a colocación dos libros, o sistema de empréstitos, as normas de uso, a importancia do carné...
- Darlle novo formato e difusión ós **manuais de procedemento** e **elaborar unha completa guía de usuarios**.
- **Permitir o traballo conxunto**.
- Ademais das **enquisas** do Proxecto Lector e doutras máis amplas, empregadas xa nestes cursos pasados, seguir deseñando **cuestionarios novos** que axuden a detectar necesidades, a avaliar a labor de biblioteca.

#### 6.4 .En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción de información).

- Seguirse facendo cargo de todos os aspectos organizativos do **Plan Lector** do Centro e da **“Hora de Lectura”** (indicacións, calendario, distribución e control do material bibliográfico repartido polas distintas estancias do instituto, das fichas de seguimento da lectura, análise das enquisas trimestrais e final...).
- **Potenciar** a realización de **actividades** destinadas ó fomento da lectura en xeral (actividades lúdicas con respecto a distintos libros, charlas con escritores, exposicións de traballos...).
- Despois do éxito obtido coa actividade de **“Intercambio de libros”**, pretendemos artellar un sistema de intercambio permanente ó longo do curso escolar, desenrolado dende a biblioteca. Á súa vez, consolidar a actividade o día 23 de abril, convertela nun clásico no centro. No **curso 18-19 incluíremos ó profesorado** nesta actividade e, **en anos vindeiros, a todos os membros da comunidade escolar, pais de alumnos etc.**
- Potenciar a creación de novos **clubes de lectura**, ofrecendo información e asesoramento e encargándose de rexistrar, diferenciar e ubicar o material bibliográfico adquirido para os mesmos.
- Seguir **rexistrando** cunha **identificación especial** os libros doados polo alumnado e por persoas alleas ó instituto.
- O día do libro, exposición de **marcapáxinas** conmemorativos deseñados polos alumnos e, coma sempre, agasallo do do Centro a toda a comunidade educativa. Téntase promover o **intercambio de textos de creación persoal** entre os estudantes e de marcapáxinas personalizados. Continuar coa idea de invitar ó alumnado a ir **construíndo a súa propia biblioteca persoal**.
- Consolidación de **novos concursos**, do “Caderno de creación literaria” e actividades (“Intercambio de libros”).
- Continuar coa proposta dunha iniciativa do estilo da de “libros a la calle”, coa participación do alumnado.

#### 6.5 . En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva

Todas as actuacións acometidas van na liña de consolidala como biblioteca inclusiva. Así, pensamos:

- Seguir mercando **material bibliográfico adaptado** a todo tipo de alumnado, incluído o de necesidades especiais.
- Mercar **máis exemplares das coleccións** de libros *ELE* e de dicionarios en linguas estranxeiras.
- En momentos puntuais do curso, **levar material da biblioteca ás aulas** ou ós patios interiores de fácil acceso.

- No presente curso quedou **seleccionada a información útil para alumnado con necesidades especiais**, para o vindeiro **organizarémola e publicitarémola**.
- Seguir dando **igual peso** a todas as disciplinas e a **todas as áreas do saber** organizando as exposicións mensuais de xeito que queden tratadas todas as materias e ramas do ensino.
- **Dinamizar ós departamentos** ofrecendo o espazo da biblioteca para todo tipo de **actividades: literarias, científicas, técnicas...**
- **Invitar ó alumnado menos presente**, a familiarizarse coas **técnicas de manexo e uso** para convertelo en usuario habitual, axudándolle na resolución de tarefas, na búsqueda de información e na superación de dificultades.

#### 6.6 . Outras actuacións.

- Tentar **abrir, con horario fixo, a sala de lectura e consulta no edificio anexo** ó principal.
- Ter **aberta** a biblioteca durante **máis horas** á semana e en distintas franxas horarias.
- Continuar coa **exposición** dalgúns dos máis emblemáticos e singulares exemplares, **fondos de valor histórico** que alberga esta biblioteca (**atlas Fontán...**). Intentarase que, debidamente publicitada, a exposición sexa motivo de encontro e compromiso por parte da Comunidade Educativa para recoñecer o valor da nosa institución educativa e para axudar a buscar a excelencia educativa dos nosos alumnos.
- Por parte da coordinación, **visitaremos outras bibliotecas integradas no Plambe**, para intercambiar experiencias e ver directamente a operatividade das ideas postas en práctica nas mesmas, coa fin de aprender e de aplicarlas.
- Aparte dos encontros do Plambe, intentaremos **asistir a cursos de formación**

#### 6.7 . Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores e instrumentos que se utilizarán.

##### Criterios de avaliación:

- Adecuación das actividades programadas e levadas a cabo durante o curso.
- Resposta do alumnado e da comunidade educativa ás propostas da biblioteca. Grao de colaboración nas mesmas.
- Grao de cumprimento dos obxectivos previstos nas liñas prioritarias de actuación programadas para o curso escolar.
- Cantidade e tipoloxía dos préstamos realizados.
- Participación do alumnado e do profesorado nas actividades propostas.
- Presencia de alumnado na biblioteca, préstamos realizados, resultados das enquisas.

##### Procedementos de avaliación:

- A través das **enquisas** recollidas no Plan lector do centro (nas que hai que dar conta dos hábitos de lectura, das visitas á biblioteca e demais datos relevantes)

tratarase de comprobar o grado de incidencia e calado das propostas e actividades deseñadas.

- Utilizando o **buzón de suxestións** como elemento de análise e de posibilidade de artellamento de melloras.
- Como elemento de avaliación, uso dos mecanismos de análise que o propio **programa MEIGA** proporciona: visita de alumnos á biblioteca, número de préstamos etc.
- Seguindo as **táboas de avaliación** presentadas nos Encontros PLAMBE de anos anteriores. tratarase de facer unha avaliación, ou cando menos unha análise do traballo desenvolvido.
- **Enquisa** que cada ano se pasa a todos os cursos dun nivel, na que se poden analizar no só todos os aspectos significativos relacionados co hábito lector, senon tamén a experiencia do estudiantado como usuario de todos os servizos e recursos que ofrece a súa biblioteca. Seguindo na liña actual, neste ano escolar pasarase a un curso de 3ºESO.

### 6.8. Persoa designada como responsable/dinamizadora da biblioteca escolar. Equipo de apoio.

#### Horario previsto.

- Persoa responsable/dinamizadora: María Belén Nóvoa Corral
- Equipo de apoio: na actualidade, púidose formar un equipo de catro persoas: Emilia González Rodríguez, José Luis Menor Seara, Concepción Fernández e M<sup>a</sup> Belén Nóvoa Corral
- **Horario previsto:** o horario actual permite ter aberta a biblioteca durante 5 horas lectivas e 10 sesións de lecer de 20 minutos cada unha.

Hora	Horario	luns	martes	mércores	xoves	venres
1 <sup>a</sup>	8.30 a 9.20					
2 <sup>a</sup>	9.20 a 10.10					
<b>1º Lecer</b>		<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>
3 <sup>a</sup>	10.30 a 11.20					<b>Garda B Emilia González</b>
4 <sup>a</sup>	11.20 a 12.10	<b>Coordinación Belén Nóvoa</b>	<b>Coordinación Belén Nóvoa</b>			<b>Garda B Concepción Fernández</b>
<b>2º Lecer</b>		<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>	<b>Garda B Belén Nóvoa</b>
5 <sup>a</sup>	12.30 a 13.20		<b>Garda B José Luis Menor</b>			
6 <sup>a</sup>	6 <sup>a</sup> 13.20 a 14.10					



## 7. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

### 7.1 ACTIVIDADES XERAIS

- Estratexias de información e investigación:
  - Información sobre como utilizar dicionarios, enciclopedias e obras de referencia.
  - Temporalización: todo o curso.
  - Lugar: nas aulas e, especialmente, na biblioteca do centro.
  - Nivel: todos os que o precisen.
  
- Sesións de lectura en voz alta: toda unha clase lerá un libro.
  - Temporalización: ó longo de todo o curso.
  - Lugar: nas aulas e, especialmente, na biblioteca do centro.
  - Nivel: todos. Tanto en ESO coma en Bacharelato.
  
- Desenvolvemento de traballos de busca de información a través de diversos documentos e por Internet.
  - Temporalización: ó longo de todo o curso.
  - Lugar: na biblioteca do centro.
  - Nivel: todos os que o precisen e veñan á biblioteca para obter información e axuda.
  
- Concurso literario en datas próximas ó Día do Libro.
  - Pretendemos realizar saídas e visitar outros centros que albergan libros e promoven a lectura entre o alumnado.
  - Actividades culturais que vaian xurdindo: charlas, contacontos...
  - Temporalización: ó longo de todo o curso.
  - Lugar: nas estancias do centro e fóra do centro.
  - Nivel: todos.
  
- Promoción de libros con pancartas publicitarias
  - Temporalización: ó longo de todo o curso.
  - Lugar: na biblioteca do centro, tanto nos taboleiros exteriores coma no expositor do interior.
  - Nivel: todos.

- Creación dunha lista de libros interesantes para ler durante as vacacións de verán e enviarlla ás familias como suxerencia.
  - Temporalización: antes das vacacións de verán.
  - Lugar: dende a biblioteca do centro
  - Niveis: todos

## 7.2 ACTIVIDADES XERAIS PUNTUAIS

- Exposicións temporais (unha distinta cada mes).
- Exposición permanente “O apaixonante mundo do saber”
- Consolidación do espazo e da actividade “Recoméndame un libro”
- Enquisa para medir a implicación e a valoración do plan lector de centro e da biblioteca por parte do alumnado. (*Anexo II*)
- Continuar co proceso de artellamento dun sistema de intercambio, movemento e préstamo de libros entre os estudantes.
- Recepción do alumnado ó comezo do ano académico ós distintos grupos de alumnos (nas horas de titoría nos cursos da ESO; e nas de Actividades de Estudo en Bacharelato; ou noutras horas (segundo o solicitaron os profesores) para dar a coñecer a Biblioteca, a CDU, a colocación dos libros, o sistema de empréstitos...

As **liñas temáticas** para **desenrolar** durante o **curso 2018-19** son as seguintes:

- Setembro: O apaixonante mundo do saber
  - Outubro: a biblioteca
  - Novembro: Samaín. A Filosofía
  - Decembro: Libros para as vacacións
  - Xaneiro: A Paz
  - Febreiro: OA mor, O Entroido, Rosalía de Castro
  - Marzo: As Matemáticas
  - Abril: Día do libro
  - Maiο: Letras galegas
  - Xuño: O apaixonante mundo do saber. O medio ambiente
- Coincidindo co 14 de marzo “Celebración do número  $\Pi$ ”, dende a biblioteca deséñase un **concurso de microrrelatos**

- Xunto coa celebración do número II, consolidación da exposición permanente “**A Ciencia máis divertida**”.
- Na semana do día do libro: “**Intercambio de libros**” Neste curso, preténdese que interveña toda a comunidade escolar.
- Difusión da revista “**POSÍO**”
- Reparto do **marcapáxinas do curso**.
- Dende a biblioteca, comezouse a convencer ó alumnado da conveniencia de ir empezando a construír a súa propia biblioteca persoal.
- Ó longo do curso, exposición de libros de interese para o alumnado e de novidades editoriais.
- Exposición **mensual**: “Os libros do mes na miña biblioteca”
- Organización de actividades (exposicións de materiais, concursos...) a partir de distintas liñas temáticas, atendendo a circunstancias e **eventos** (locais, nacionais, globais) en determinadas épocas do ano (Día do Libro, Letras Galegas...), ou atendendo a **celebracións**, ou de distintos acontecementos sociais, culturais, etc. As deste curso son:

→ XANEIRO:

- ✓ Escolma temporal: A Paz
- ✓ Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- ✓ “Recoméndame un libro”
- ✓ Escolma temporal: Os libros do mes na miña biblioteca

→ FEBREIRO:

- ✓ Escolma temporal: O Amor, O entroido
- ✓ Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento
- ✓ 24 de febreiro: día de Rosalía de Castro
- ✓ “Recoméndame un libro”
- ✓ Escolma temporal: Os libros do mes na miña biblioteca

→ MARZO:

- ✓ Escolma temporal: As Matemáticas.
- ✓ Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.

- ✓ 7 de marzo: “día de ler en voz alta”
- ✓ Exposición: A Ciencia máis divertida
- ✓ 8 de marzo: “día da muller”
- ✓ 14 de marzo: “Aniversario de Albert Einstein”
- ✓ 14 de marzo: “Celebración da fórmula matemática  $\Pi$ ”
- ✓ “Recoméndame un libro”
- ✓ Concurso de microrrelatos  $\Pi$
- ✓ Escolma temporal: Os libros do mes na miña biblioteca

→ ABRIL:

- ✓ Escolma temporal: Clásicos universais.
- ✓ Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.
- ✓ “Recoméndame un libro”
- ✓ Escolma temporal: Os libros do mes na miña biblioteca
- ✓ 6 de abril: “día mundial do deporte para o desenvolvemento e a paz”
- ✓ Ano significativo no mundo dos libros
- ✓ 23 de abril: “Día do libro”
- ✓ Reparto de marcapáxinas

→ MAIO:

- ✓ Escolma temporal: Clásicos universais.
- ✓ Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.
- ✓ “Recoméndame un libro”
- ✓ Entrega de premios do concurso de microrrelatos: “Celebración da fórmula matemática  $\Pi$ ”
- ✓ 17 de maio, día das letras galegas:
- ✓ Escolma temporal: Clásicos da Literatura Galega
- ✓ Autor do día das letras galegas
- ✓ Escolma temporal: Os libros do mes na miña biblioteca

→ XUÑO:

- ✓ 5 de xuño: día mundial do medio ambiente
- ✓ Escolma temporal: Clásicos universais.
- ✓ Escolma permanente: Curiosidades de todos os campos do coñecemento.

- ✓ “Recoméndame un libro”
- ✓ Exposición: A Ciencia máis divertida
- ✓ Escolma temporal: Os libros do mes na miña biblioteca

Ó longo de todo o curso, atención ás efemérides máis significativas deste curso.

### **7.3 CONTRIBUCIÓN DE CADA DEPARTAMENTO Ó PLAN LECTOR DO CENTRO E Á LECTURA:**

- Actividades que poden poñer en práctica os departamentos, como apoio á capacitación lectora do alumnado:
- Realización de actividades de estudo que supoñan o traballo sobre textos, ben realizado de xeito colectivo, ben con carácter individual sobre o que sempre se procurará verificar o nivel de comprensión acadado.
- Fomentar e poñer a disposición dos alumnos lecturas relacionadas coa expresión plástica, a Música, as ciencias, a Literatura, a Historia, a Tecnoloxía, as Matemáticas, a Economía, a Filosofía...
- Estimulación de hábitos de investigación que supoñan o manexo de textos de diversas tipoloxías e en diversos formatos, empregando na aula e recomendando nos traballos que se propoñan variedade nas fontes de información: monografías, libros divulgativos, prensa diaria ou especializada...
- Uso de prensa: xornais e revistas dos que se poden extraer noticias sobre: Economía, Historia...
- Emprego dos medios informáticos para a obtención e manexo da información.
- Lectura de libros ó longo do curso e ó inicio das unidades didácticas.
- Proposta de traballos en grupo ou individuais onde os alumnos sexan os encargados de ler, seleccionar e presentar logo ese material. : lingua Castelá, Lingua Galega, Francés, Inglés...
- Manexo de repertorios léxicos técnicos da materia e reforzo dende as aulas do uso de diversas fontes bibliográficas como dicionarios específicos, claves, mapas, gráficos e estatísticas: Xeografía, Física e Química, Educación Física.
- Utilización, no día a día, dun vocabulario técnico, específico para cada materia: todas as disciplinas.

#### **7.3.1 DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ**

Dado que a lectura constitúe unha actividade clave na educación do alumnado, o desenrolo do hábito lector debe ser un obxectivo prioritario en todas as materias do currículo e en especial na materia de Lingua Castelá e Literatura.

A creación e consolidación do hábito lector nos alumnos abordarase na área de Lingua Castelá con distintos medios, estratexias e actividades:

## **Lecturas de diferentes tipos de textos e actividades de comprensión lectora**

- En todas as unidades hai lecturas de textos seguidos de actividades específicas deseñadas para traballar a comprensión lectora, a estrutura, o vocabulario, a expresión escrita, así como o desenrolo do pensamento crítico.
- En todos os niveis se traballa continuamente con obras e textos literarios que se cuantifican e valoran tal e como se sinala no apartado dos Procedementos e Instrumentos de avaliación.
- Ademais das obras completas, tamén se utilizan fragmentos para analizar diferentes exemplos de tipoloxía textual e traballar con eles tanto dende o punto de vista da lectura comprensiva, como da análise de elementos formais (estructura, rasgos lingüísticos, vocabulario, comentario crítico, etc).
- Ademais destas actividades específicas encamiñadas a mellorar a comprensión lectora e a expresión, a lectura será a base fundamental na explicación de todos os contidos que forman o currículo desta materia.

## **Lectura de obras completas do patrimonio cultural adecuadas á idade do alumnado**

- Os alumnos deberán ler unha o máis obras completas en cada avaliación. Para elo contan cos fondos da biblioteca do centro.
- En todos os cursos e niveis, adeais dos títulos de carácter obrigatorio, en momentos puntuais, o profesor e proporcionar unha lista de obras de literatura clásica, que os alumnos poderán ler de forma voluntaria, e de cuxa lectura e adecuada comprensión darán conta a través de exposicións orais nas que, aparte da libre exposición da obra ou das obras elexidas por parte do alumno, o profesor poderá plantexar cuestións sobre as mesmas que han de ser contestadas correctamente.
- A adecuada defensa destas lecturas voluntarias poderá incrementar a calificación do alumno.

## **Dende a materia de lingua Castelá e Literatura, orientación para lecturas dentro do Proxecto lector e do Plan anual de lectura do Centro.**

- Orientación para a lectura voluntaria de obras pertencentes ó patrimonio literario. Preténdese que estas lecturas desenrolen a imaxinación, proporcionen información e creen sensibilidade estética.
- Fomento da lectura voluntaria de libros relacionados con cualquier materia do currículo, como forma de adquirir cultura e coñecementos.
- Fomento do hábito de utilizar a biblioteca escolar e os seus recursos como apoio no proceso de aprendizaxe.
- Fomento da participación en concursos e certámenes.

## Participación en actividades complementarias e extraescolares relacionadas coa lectura e cos libros.

- Asistencia a representacións teatrais, recitados de textos poéticos...

### 7.3.2 DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

#### *Lectura na aula 1 h semanal. Proposta de actividades:*

Nunha hora de clase, o/a profesor/a acompaña ao alumnado á Biblioteca, para que cada quen elixa un libro. Cada alumno/a poderá cambiar de libro, se non lle agrada, durante os dous días seguintes. Rematado ese prazo, terá que ter decidido cal é a obra que vai ler nun prazo máximo de quince días. Durante ese período de tempo, nas horas que se adiquen á lectura, o alumnado levará á aula o seu libro e realizará unha lectura individual. Ao finalizar o tempo pactado previamente, tamén na hora de clase, cada alumno/a cubrirá dúas fichas iguais: unha para el/ela, outra para o profesor/a. Na ficha poderían aparecer os seguintes datos:

- . TÍTULO:
- . AUTOR/A:
- . EDITORIAL:
- . DATA DE COMEZO DA LECTURA:
- . DATA DE REMATE DA LECTURA:
- . CONSEGUICHES LER A OBRA COMPLETA? SI NON
- . RESUME NUNHA FRASE DE QUE TRATA A OBRA: (Exemplo: As aventuras dunha nena durante un verán / Os pensamentos que Artur ten cando os seus pais se separan).
- . RECOMENDARÍAS ESTE LIBRO AOS TEUS COMPAÑEIROS/AS?, SI / NON, .POR QUE?

Estas fichas serven para que tanto o alumno/a coma o profesor/a leven conta do progreso no hábito de lectura.

- Despois de que o profesor/a presente varias opcións de lecturas na aula (o título, un breve resume do argumento...), elíxese por maioría unha lectura común, á que se lle adicará un tempo. Será o profesor/a quen leve os exemplares da obra precisos á aula (un por cada dous alumnos/as). Durante as horas adicadas á lectura, lerase en alto esta obra, tentando que todos/as participen.
- Cada certo tempo, pode ser o profesor/a o que lea en alto (preferiblemente un relato). Trátase de que, tanto polo contido do texto elixido como pola forma de lelo, a historia resulte engaiolante para o alumnado. Haberá quen desexe escoitar “máis historias desas”, ou quen pregunte o nome do/a autor/a e queira ler pola súa conta outras obras do/a mesmo/a.

- Outra posibilidade é que un só libro rote pola aula. Comeza un a ler; cando decida, pásalle o libro a outro/a e así sucesivamente. O/A profesor/a tamén entra na rolda. Debemos tentar que todos/as entren nela.

## - Outras actividades posibles:

### 1. Ler é comprender:

- Despois de seleccionar con tento un relato, o/a profesor/a le en alto na aula, pedindo unha máxima concentración por parte do alumnado. Despois, de forma oral e entre todos/as, farase un comentario da lectura seguindo as pautas que marque o profesor/a. Exemplo: “Por que credes que o personaxe tal dixo isto?/ Que vos pareceu o final? Podería haber outro?”.
- Igual que o anterior, mais desta vez, a segunda parte da actividade (comprensión do texto) realízase porescrito. Unha posibilidade é que sexa un cuestionario tipo test no que o/a profesor/a sinala tres respostas incorrectas e unha correcta, en cada pregunta. Exemplo: “Onde se desenvolve esta historia?: **A** nun país imaxinario; **B** nunha cidade de Galicia; etc.”.
- Se o relato, poema, escena teatral... é breve, pódese tentar esta actividade: trala primeira lectura, o/a profesor/a advirte que vai volver ler o mesmo texto pero con 5 diferenzas con respecto á primeira lectura. Cada alumno/a anotará no seu caderno as diferenzas detectadas. Despois exporase na aula. Este é un exercicio que fomenta a **atención e concentración**.
- Semellante á actividade anterior, mais na segunda lectura, en vez de introducir 5 diferenzas, borramos certas palabras ou expresións, provocando espazos baleiros na lectura que o alumnado terá que encher no seu caderno. Malia que este exercicio, igual que o outro, podería realizarse con textos escritos, é interesante tamén que se leve a cabo de xeito oral: a maioría das clases baséanse na oralidade e un número importante de alumnos/as amosan dificultades de concentración, atención e entendemento ante o discurso oral.

### 2- Ler é divertido:

Neste apartado poderían incluírse un bo número de “xogos” que se relacionan entre si. Sinalamos unha mostra. É moi axeitado o texto teatral para este tipo de actividades, pero podemos empregar calquera texto, mesmo o xornalístico ou o propio libro de texto. Trátase de convertérmonos nun personaxe cunhas características determinadas que se sinalan previamente. Ao principio, abonda cun trazo peculiar dese personaxe, que terá que ler de acordo coa peculiaridade sinalada:

- é moi vello/a e non ten dentes,
- pronuncia de xeito característico o son “s”,
- ten o costume de incorporar o son que faría o obxecto ou a acción que nomea (ten teima polas onomatopeas); exemplo: escoitou petar na porta (pum, pum, pum) /



soou o teléfono (ring, ring, ring) / caeulle o libro ao chan (ploff) / botouse a rir (ge, ge, ge),

- cada vez que pronuncia unha palabra (por exemplo, “para”), espirra, poño por caso, ou tose, ou bocexa...,
- personaxe cantarín, que case converte o seu discurso nunha canción de “rap”,
- é un/ha neno/a mimoso/a, que arrastra as sílabas,
- ten a voz grave, gravísima,
- cada certo tempo introduce unha palabra ou unha expresión pola que sente predilección -retrouso- (por exemplo, “ou sexa”, “en fin”, “é dicir”, “sabes?”), é un extraterrestre ou un robot ou unha pantasma ou un político, ou mesmo, por ser estranxeiro, ten un aquel na fala...

### (RESTO DOS CURSOS)

Creación e consolidación do hábito lector a través de estratexias e actividades varias, tal e como sinalamos para 1º e 2º de ESO. Ademais das **Actividades clásicas**, outras como **Ler e comprender** ou **Ler é divertido**.

- Lecturas en cada unidade que permitan adquirir coñecementos e construír mundos con significados propios desenvolvendo a imaxinación e creando sensibilidade estética.
- Lectura de obras completas adecuadas á idade dos rapaces.
- Lectura de obras que motiven a atención do alumno cara ao patrimonio cultural que posúe, fonte de riqueza e orgullo.

### 7.3.3 DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

- Dende o departamento de Educación Física propomos:
- Información os [alumn@s](#) dos libros de Educación Física que teñen a súa disposición na biblioteca e no departamento (no blog do departamento hay unha páxina adicada a isto, coas carátulas impresas).
- Lectura dos libros citados ou outros de temática deportiva a elección dos alumnos
- Lectura de artigos perodísticos
- Coincidindo coa semana das letras galegas, lectura dun libro en galego, de temática deportiva.

### **7.3.4 DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA**

A diario surgen nuevas noticias relacionadas con la Tecnología. El medio de difusión elegido en general es Internet, debido principalmente a la inmediatez y amplia difusión que las mismas tienen a través de ella. Al mismo tiempo, la didáctica de las asignaturas de este área se está dirigiendo cada vez más al uso de equipos conectados a Internet, por lo que será esta la principal herramienta a la hora de poner en práctica el plan lector del centro. Será principalmente por este medio por el que los alumnos/as adquieran nuevas destrezas a la hora de ampliar su vocabulario o mejoren su capacidad de comprensión.

Se buscará principalmente el ampliar el vocabulario del alumnado con los diferentes términos tecnológicos que vayan apareciendo. Estos términos, por lo general, harán referencia a las nuevas tecnologías de la comunicación, redes sociales, nuevos hábitos de comportamiento a través de la red, nuevos dispositivos electrónicos...

Al mismo tiempo, otro campo en continuo desarrollo en el Área de Tecnología es la programación, donde con algoritmos se pretende resolver diferentes problemas planteados a través de enunciados con cierta complejidad en su comprensión. Pues bien, estos algoritmos son programados con pseudocódigos que contienen su propio lenguaje, y en los que el alumno/a tiene que hacer un esfuerzo para, primero comprenderlos y luego aplicarlos. Será por lo tanto practicar en una lectura comprensiva con el objetivo de que cada vez el alumno/a sea capaz de extraer la información relevante de una forma más eficiente.

### **7.3.5 DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA**

Este Departamento asume, como no podría ser de otro modo, el Plan Lector elaborado para todo el Centro.

Nas aulas aproveitaremos calquera momento do curso para a lectura de noticias científicas que poidan saír na prensa, así como a lectura de textos científicos do propio libro de texto; tamén recomendaremos a lectura de libros de divulgación científica e de divertimento que teñan a ciencia como fondo.

### **7.3.6 DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA**

Nos programas de todas as asignaturas asumidas polo Departamento existen indicacións metodolóxicas –non podería ser doutro xeito– en referencia á lectura e á comprensión lectora. E son aspectos estes obviamente avaliados e avaliados.

En todo caso, nas aulas diariamente lense textos en voz alta. Non só se len, senón que se comentan para buscar a súa mellor comprensión. Os textos refírense tanto aos contidos específicos das distintas unidades da materia como a fragmentos de obras filosóficas, textos de opinión en xornais, noticias,...

A lectura diaria, tanto a persoal coma a que se realiza en voz alta, atenta e minuciosa dos textos que traballamos cada día en clase relata sempre problemas de comprensión que impiden de modo obvio chegar ós conceptos filosóficos máis profundos se non se

posúen habilidades básicas para comprender e interpretar a información coa que se traballa.

En todas as asignaturas do departamento traballar a comprensión é esencial e sempre se traballan os textos detalladamente, tanto explicando o significado das palabras, coma analizando a estrutura, subliñando o relevante de cada apartado, sinalado as ideas principais a traves dos exercicios para favorecer a comprensión lectora e se é posible a memorización de ideas elementais. Isto é máis que obvio no Obradoiro de Comunicación Oral e Escrita, pero toda a clase de Filosofía de primeiro de Bachelato pode comprenderse coma un exercizo profundo de decodificación de información para poder atopar os ladrillos cos que erguer os alicerces do muro do pensamento persoal de modo riguroso e coherente. Isto en maior ou menor medida acontece tamén nas demais materias, ou pola complexidade dos temas tratados –como no caso de Ética e Filosofía do Dereito- ou pola dificultade dos alumnos para introducirse no ámbito a explorar -coma acontece por exemplo na clase de Valores Éticos de 1º ESO-

Co propósito de garantir a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios, os membros deste Departamento facemos constar o noso interese polo Plan Lector do Centro e queremos contribuír ao seu éxito.

Nas Memoria dos pasados cursos, quixemos deixar constancia do proceso de reorganización do material bibliográfico do departamento, primando, en primeiro lugar a incorporación das novas edicións dos textos dos autores clásicos e, en segundo lugar, a adquisición –coordinándonos co servizo de biblioteca do centro- de material bibliográfico accesible ás capacidades e –na medida do posible- aos intereses do alumnado.

Deixamos xa comentado que, se ben os fondos bibliográficos de filosofía son realmente eloxiables —polo seu volume, antigüidade e calidade intelectual— a cantidade de obras axeitadas para a súa lectura por parte dos alumnos resultaba insignificante, case testemuñal. A raíz desta observación e en coordinación co persoal da Biblioteca do Centro, solicitamos a compra de material bibliográfico máis axeitado para os alumnos e comezamos a premiar aos alumnos que presentasen resúmenes das lecturas dalgún dos libros chegados á biblioteca ou doutra procedencia.

Para este curso 2018-2019, temos xa en estado de avanzada elaboración unha lista de libros de lectura que aumente o volume do material bibliográfico da biblioteca no ámbito da filosofía, especialmente en referencia ós contidos de *Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía*, ou para *Filosofía*, todas elas asignaturas de bacharelato.

No arranque de curso tamén se lles ofrecen aos alumnos-as listados de libros de lectura e a medida que avance o curso se lle seguirán dando indicacións dalgúns outros, que polas súas características podan ser de interese para a súa formación filosófica e cidadá.

### 7.3.7 DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

A adquisición de hábitos lectores é un proceso que se remonta ao mesmo instante en que se aprende a ler e que se consolida ao longo da vida académica do alumno, na que este vai adquirindo autonomía e adquirindo hábitos lectores estables. Neste proceso, a motivación é un elemento clave.

Partindo das premisas expostas, os obxectivos da materia de Francés para contribuír ao fomento dos hábitos lectores son os seguintes:

- Potenciar o gusto pola lectura e as habilidades de lectoescritura desde a certeza que son o alicerce de calquera aprendizaxe significativa.
- Diseñar estratexias de intervención que se traduzan en propostas lúdicas e participativas.
- Harmonizar o plan de lectura co nivel de cada curso ou grupo e integralo na dinámica cotiá da aula.
- Crear ambientes que favorezan o desexo de ler e axuden a concibir a lectura como unha actividade pracenteira.
- Presentar a lectura e a escritura como fontes de coñecemento e de enriquecemento lingüístico e persoal indispensables na sociedade da información.
- Animar a afección pola lectura mediante unha selección de obras que considere o nivel formativo, as preferencias e os intereses dos estudantes.
- Desenvolver o gusto por ler de forma expresiva e dramatizada.
- Estimular a elaboración propia de textos a través da lectura comprensiva de modelos, así como o interese por compartir e comentar estas creacións individuais.
- Promover a sensibilidade, a imaxinación, a creatividade e as habilidades críticas e interpretativas desde enfoques individuais que partan dun diálogo aberto coas obras e cos outros lectores.
- Incentivar reflexións argumentadas e coherentes sobre a forma e o tema das lecturas que sirvan para definir miradas persoais que respecten unha base textual.
- Suscitar a análise e a vivencia estética das manifestacións literarias.
- Fomentar o uso da biblioteca como espazo privilexiados de aprendizaxe e goce.
- Impulsar un uso produtivo das TIC que permita localizar e seleccionar datos e informacións de maneira áxil e eficiente, empregando as novas tecnoloxías como instrumentos de motivación, de comunicación e de acceso á lectura.

Coa finalidade de acadar os obxectivos expostos, realizaránse as seguintes accións:

- Lectura de prensa, xornais e revistas, nun nivel de lingua adaptado ao nivel de coñecemento dos alumnos e que traten temáticas vistas en clase, de actualidade ou do seu interese.
  - Lectura de Bandas Deseñadas ou fragmentos de Bandas Deseñadas.
  - Textos curtos de distinto tipo que o profesor considere axeitados polo seu contido ou forma.
  - Lectura obrigatoria dun libro nivel A2 para o alumnado de 4º de ESO: O libro será facilitado aos alumnos/as polo departamento e/ou a Biblioteca do centro.

- Todas as lecturas que a título individual queira facer calquera alumno. Recomendaránselles aos alumnos lecturas adaptadas ao seu nivel de lingua e facilitaránselle as existentes na biblioteca ou no departamento.
- Uso das TIC como ferramenta de búsqueda e acceso á lectura.

### **7.3.8 DEPARTAMENTO DE INGLÉS**

No departamento de inglés contemplamos o punto de contribución á lectura tendo un libro de lectura obrigatoria en tódolos cursos excepto no segundo de bacharelato, onde debido á falta de tempo os alumnos leen constantemente textos variados e tamen se lles aconsellan libros adaptados ó seu nivel. Na E.S.O. a lectura facémola na clase en voz alta e escoitando o DVD. Algunha vez fixemos lectura no Paraningo, diante dos outros alumnos para que perdan o medo escénico. Nos exames teñen que respostar preguntas dos libros que se leen en clase e na casa. En 1º de Bacharelato o libro de lectura conta un 15% da nota final, podendo o profesor facer exames somentes do libro ou facendo preguntas do libro nos outros exames de gramática. De cando en vez o profesor leva á clase revistas adaptadas en lingua inglesa, con material auténtico, así como folletos turísticos etc.

En segundo de Bacharelato leemos páxinas de novelas orixinais da literatura inglesa ou americana. E complicado adicarlle moito tempo dado o extenso do programa que se nos esixe.

Leer é sempre un pracer, e os profesores debemos inculcar esta tarefa por tódolos medios ó noso alcance.

### **7.3.9 DEPARTAMENTO DE LATÍN**

#### **4º ESO**

Dentro do curso de 4º de ESO os alumnos deberán ler unha comedia de Plauto. Para iso contamos con varios exemplares da biblioteca ademáis dos que reciben os alumnos ao asistir ás representacións do Festival de teatro Grecolatino de Ourense. No caso de cambio de obra, recollerase o cambio no libro de actas.

Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou ben unha reseña ou traballo.

#### **1º BACHARELATO**

Dentro do curso de 1º de Bacharelato os alumnos deberán ler unha novela histórica ou novela gráfica (Cómic) ambientada na Roma Clásica. Para iso contamos con varios exemplares da biblioteca, de varios autores e temática diversa.

Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou ben unha proba escrita onde demostren unha lectura comprensiva.

#### **2º BACHARELATO**

Dentro do curso de 2º de Bacharelato os alumnos deberán ler as obras prescritas nas probas de Selectividade, ademais doutros fragmentos dos autores que entran no programa, elixidos polo profesor.

Unha vez lida a obra terán que realizar unha exposición oral diante do profesor ou un traballo e serán avaliados de cada parte nas avaliacións pertinentes. No exame final da terceira avaliación poderá entrar calquera delas.

Ata o momento as lecturas obrigatorias propostas pola ciuga para as paau eran as seguintes:

- a. Historiografía: Livio, I, 56, 4-60.
- b. Oratoria: Tácito, Agrícola, 29-38.
- c. Épica: Ovidio, Metamorfoses, I, 452-567; IV, 55-166; X, 1-71.
- d. Lírica: Catulo, 51, 2, 86, 87, 109, 5, 7, 3, 85, 70, 8, 11.
- e. Teatro: Plauto, Xemelgos ou Anfitrión ou unha das dúas comedias que se representarán dentro do "Festival de teatro grecolatino de Lugo 2011": Cistellaria ou Miles Gloriosus.

### 7.3.10 DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

Accións encamiñadas á contribución do proxecto lector do centro:

- Actividades de lectura comprensiva nos enunciados verbais das cuestións das unidades didácticas:
  - Sabendo analizar de forma crítica.
  - Sintetizar a información relevante para a busca da solución desa cuestión.
  - Respondendo con coherencia.
- Lectura crítica e análise da información que nos proporcionan as imaxes: resultados estatísticos.
- Lectura de recortes de prensa sobre noticias de divulgación científica:
  - Comprender o texto
  - Elaborar un resúmen e un comentario crítico.
- Consulta de páxinas web de divulgación científica: BBC ciencia, El Pais, El Mundo científico, Muy Interesante... As consultas estarán adaptadas ós coñecementos de cada etapa educativa.

### 7.3.11 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. APORTACIÓNS DO DEPARTAMENTO AO PROXECTO LECTOR E AO PLAN ANUAL DE LECTURA.

#### **OBXECTIVOS:**

#### **Co alumnado:**

- 📖 Promover a consolidación de hábitos lectores e escritores.
- 📖 Incrementar a capacidade do alumnado para ler con exactitude, fluidez e comprensión.
- 📖 Contribuír á mellora da expresión oral e escrita.
- 📖 Favorecer o emprego da biblioteca escolar.
- 📖 Potenciar a biblioteca como centro de recursos e fonte de información.

- 📖 Promover a lectura como vía de acceso á información.
- 📖 Desenvolver a autonomía do alumnado, potenciando o seu sentido crítico e selectivo en canto ás lecturas.
- 📖 Buscar, localizar e seleccionar información en textos escritos en diferentes soportes (webs, libros, folletos, revistas...).

### **Co profesorado:**

- 📖 Asesorar ao profesorado no deseño e desenvolvemento das medidas recollidas no proxecto lector do centro e no plan anual de lectura.

### **Coas familias:**

- 📖 Impulsar o uso da biblioteca escolar, onde o departamento de orientación porá a disposición das familias libros com orientacións sobre diferentes temas relacionados coas súas fillas e fillos.

### **ACTUACIÓNS CO ALUMNADO:**

#### ❖ **No ámbito da orientación académico-profesional:**

- Consultar textos, en soporte impreso (revistas, folletos, libros...) e dixital sobre saídas laborais e profesionais.

#### ❖ **No ámbito da acción tutorial:**

- Cando se abordan os temas transversais na titoría e cando se organizan actividades para as celebracións (día da Paz, contra a violencia...), o alumnado ten que informarse, buscar e seleccionar información en libros, revistas, periódicos, internet, letras de cancións...; facer murais, debates, exposicións, reflexións escritas, entrevistas...
- No programa de técnicas e hábitos de estudo abórdanse directamente actividades relacionadas coa lectura: lectura comprensiva, velocidade lectora, aprender a facer resumos e esquemas...

#### ❖ **No ámbito do apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe:**

- Nas avaliacións psicopedagóxicas avalíanse, entre outros aspectos, o nivel lector e escritor e a expresión oral do alumnado e proporcionánselles pautas ao profesorado e as familias para tentar superar as dificultades detectadas.

- O departamento de orientación poderá proporcionar ao profesorado que imparte as dúas horas de reforzo de Lingua para o alumnado exento de segunda lingua estranxeira, en 1º e 2º de ESO, material que inclúe actividades relacionadas coa lectura e a escritura.
- O profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe traballará directamente co alumnado diferentes aspectos relacionados coa lectura (velocidade, comprensión, fluidez, exactitude) e a escritura (ortografía, grafía, exactitude, expresión escrita)

### **7.3.12: DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA. APORTACIÓN DEL DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA A LAS ACTIVIDADES DE LA BIBLIOTECA**

El Departamento de Economía pretende participar en las actividades de la biblioteca a través de dos mecanismos:

- PLAN LECTOR DEL CENTRO: El departamento colaborará en la realización del seguimiento de dicho plan, velando por que los alumnos traigan los libros para leer, estén en aulas con el orden y silencio requerido para realizar la lectura de sus libros con un adecuado ambiente que le permita concentrarse.
- El proyecto "Leer la Economía": nace de una preocupación fundamental, la orientación teórica, academicista y rígida que tiene nuestra disciplina en Bachillerato. A partir de esta reflexión surge la idea de buscar obras literarias que, siendo libros de calidad, vengan acompañados de una trama económico-social que permita ilustrar y completar los conceptos que nosotros podemos transmitir en clase.

En principio podemos hablar de que son cuatro los títulos que se van a seleccionar para nuestros alumnos desde un prisma eminentemente económico. Cuestiones relevantes para nosotros quedan magníficamente reflejadas en ellas: la emigración, la pobreza, la corrupción, los conflictos sociales, la ambición por mejorar, etc.

A cada libro se le acompañará de una ficha-guión para el alumno-lector y una síntesis para el profesor prescriptor. Además, se elaborará un decálogo de recomendaciones para que el alumno afronte el trabajo.

La forma de ponerlo en práctica, su sentido y su importancia corresponde al profesor en cuestión.



Consideramos que sería bueno que aprendieran Economía a través de un relato novelado, pero mejor sería si además desde su asignatura comprendieran el valor y la utilidad que la literatura en sí misma tiene.

Los textos que se escojan para este curso se seleccionaran de la siguiente lista, lista cerrada por otra parte ya que se sugiere que la biblioteca disponga de algún volumen de cada uno de ellos para poderlo dejar en préstamo.

- “Keynes vs Hayek”: El choque que definió la economía moderna, de Nicholas Wapshott.
- “Crisis económicas en España. 1300-2012. Lecciones de la historia”, de Francisco Comín y Mauro Hernández.
- “Mis años en la Reserva Federal. Un análisis de la Fed y las crisis financieras”. de Ben Bernanke.
- “El capital en el siglo XXI”, de Thomas Piketty.
- “El capital” de Karl Marx.
- “Nunca te fíes de un economista que no dude”, de Javier García, Andrés Alonso y Abel Fernández.
- “Cómo acabar de una vez por todas con los mercados”, de Juan Ignacio Crespo.
- “Hay vida después de la crisis”, de José Carlos Díez.
- “Viaje a la libertad económica”, de Daniel Lacalle.
- “Economía sin corbata”: Conversaciones con mi hija”, de Yannis Varoufakis.
- “La gran crisis: cambios y consecuencias: Lo que hemos aprendido y lo que todavía nos queda por aprender de la crisis financiera”, Martin Wolf.
- “La Gran Apuesta “de Michael Lewis.

## 8. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA. RUTINAS DE LECTURA: A HORA DE LER

A posta en práctica dun Plan Lector de centro que garante a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. A formación de lectores competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

Partimos da necesidade de formar lectores competentes, isto pasa nun primeiro momento pola creación de hábitos de lectura, e nun segundo momento pola consolidación deses hábitos. Nestes anos pasados centrámonos especialmente na tarefa de ler, de favorecer a lectura comprensiva e de despertar no alumnado o gusto por esta actividade. No curso actual, aparte desta pretensión e do desenrolo desta actividade coa que seguiremos (hora de ler), pretendemos acometer outras actuacións máis ambiciosas.

Preténdese acadar este obxectivo a través dos mecanismos do Plan Lector: 25 minutos de lectura diaria distribuídos do seguinte xeito:

- 1ª semana: lese todos os días (de luns a venres) a primeira hora.
- 2ª semana: lese todos os días (de luns a venres) a segunda hora. E así sucesivamente ata completar todas as horas da mañá. A continuación vólvese ó principio.

Deste xeito todas as materias resultan afectadas proporcionalmente; é dicir: non hai materias que teñan máis ou menos “perda” de horas de clase lectiva. Por exemplo, unha materia de 4 horas semanais resultaría afectada con 8 ou 9 clases ó longo de todo o curso.

Para informar debidamente ó profesorado, a principio de curso achégase un calendario onde se sinalan as horas de lectura para evitar confluencia con exames, etc. (*Anexo III*).

A progresión non se detén por ningunha outra cuestión unha vez que se fai a planificación, é dicir, non se cambia a hora de lectura nin se recupera se non se puido realizar.

A través do correo electrónico, dos carteis da sala de profesores e das aulas recórdase a hora á que lle corresponde a actividade de lectura cada semana. Figura igualmente en todas as aulas e espazos do centro a lista de lecturas obrigatorias, coa fin de que o profesorado vele por o cumprimento deste requerimento: non poden ser libros de lectura obrigatoria das distintas materias (*Ver anexo I*)

### **Control de lectura:**

Para non interromper o normal desenrolo da actividade, se un alumno, ocasionalmente, esquece o libro de lectura ou remata o que está a ler, poderá utilizar algún dos que se atopa na aula, nunha caixa destinada ó Plan lector, situada sempre en lugar visible. Ó finalizar o tempo de lectura, o alumno deberá depositar o libro de novo na caixa.

Será responsabilidade do grupo evitar que estes libros se deterioren ou se perdan. **En ningún caso se poden prestar nin levar a outras aulas**, xa que en todas as estancias do centro -incluídos desdobres e obradoiros- hai exemplares para o proxecto.

**Durante o tempo de lectura, non se poderán facer deberes, nin estudar nin realizar calquera outra actividade que non sexa ler.**

Dende a biblioteca, sempre directamente (sin mediación de titores nin de profesorado), indícaránselles ós alumnos as tarefas das que deberán dar conta e iráselles proporcionando toda a información que sexa necesaria.

## 9. RECURSOS E MATERIAIS

— Xerais:

- Biblioteca Escolar
- Materiais dos departamentos.
- Aula e recursos de informática.

— Específicos para os minutos de lectura diaria:

- O libro de lectura ha de exilio e traelo o alumno.
- Non poden ser libros de lectura obrigatoria das distintas materias. (*Anexo I*).
- Non se permitirán revistas nin xornais, agás as de *National Geographic* que se atopan nalgunhas caixas de aula.
- Tampouco se pode traballar con fotocopias de artigos.

## 10. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Unha vez posto en práctica o proxecto, ó longo do curso realízase unha análise dos resultados acadados para facer, se é o caso, os cambios que se consideren oportunos. Así, faise unha análise de:

### 1-Índice de lectura:

Comprobacións diarias, durante o tempo adicado á lectura, da actitude do alumnado ante os libros, que se pode ver reflectida máis tarde no nivel de empréstitos que, de forma voluntaria, fan os alumnos na biblioteca escolar. Neste senso, hai que analizar o aumento ou diminución do número de préstamos e todas as oscilacións que se vaian producindo.

### 2-Actitude do alumnado ante a actividade:

A actividade de lectura diaria durante 25 minutos, en xeral é acollida con interese e aceptación. E mesmo os alumnos que se declaran manifestamente non lectores, comezan obrigadamente e máis tarde declaran o seu interese e a súa sorpresa ante o

pracer, non imaxinado previamente, do disfrute que pode proporcionar a lectura. Trátase de facer unha análise dos comportamentos do alumnado neste sentido.

### **3-Competencia literaria. Elección de material bibliográfico por parte do alumnado:**

A partires desta práctica, os alumnos son conscientes de que se se lles dá unha oportunidade ós libros non só se aprenden moitas cousas novas senon que a súa competencia literaria mellora sustancialmente e, en relativamente pouco tempo, son capaces de facer seleccións de libros moito máis razoadas e con criterio literario: selección por xénero, subxénero etc. Dende a biblioteca convén levar un control das eleccións que, ó longo do curso, vai facendo o alumnado.

### **4-Velocidade lectora:**

Constatación, por parte do profesorado, durante o tempo de lectura, dos progresos do alumnado, e posterior revisión, por parte da biblioteca, das fichas nas que os estudantes fan a súa anotación diaria. A avaliación continua do proxecto permite facer, ó longo do curso, as modificacións que se consideren oportunas. Así, dende que se puxo en práctica o proxecto no centro realizáronse modificacións:

Na biblioteca do Centro contamos cun importante caudal bibliográfico de novelas gráficas e clásicos en cómic. Permitir a lectura destas obras resulta unha modificación exitosa, xa que os alumnos que nun principio elixen cómics para o tempo de lectura na aula, despois escollen narrativa e todo tipo de xéneros literarios.

Partindo da base de que todos os profesores teñen experiencia directa de algunha sesión de lectura, en cada unha das reunións de avaliación débese facer unha análise e valoración das diversas circunstancias que se van producindo no grupo, para aportar ideas e facer as modificacións que sexan pertinentes ó longo de todo o curso escolar, coa fin de que o proxecto resulte útil. A final de curso verase si se puideron atender as diferentes peticións feitas ó longo do ano académico en canto á ampliación de fondos.

Cabe sinalar que a final de curso faise unha análise dos resultados dos cuestionarios que se lles pasan ós alumnos ó longo do curso. Estes resultados abren a porta para futuras actuacións dentro do Plan lector do centro. Así, na actualidade xa se constata cal é o número de páxinas medio lido por alumno ó longo das avaliacións e a diferenza con respecto ó lido nas últimas semanas do curso (*Anexo II*).

Tratarase de saber, con máis profundidade, se o Proxecto Lector incide positivamente nas vidas dos alumnos e de qué maneira. Dende a biblioteca, como organizadores e coordinadores do Plan Lector, artellaremos mecanismos para empregar e sacarlle todo o partido posible á ficha de lectura. A finais de curso farase referencia á enquisa que nos serviu como información sobre os usos lectores do alumnado do noso centro e como instrumento de avaliación do proxecto.

Coordinadora da biblioteca

Vº e PRACE. (O director)

Asdo. M<sup>a</sup> Belén Nóvoa Corral

Asdo. Daniel LorenzoValdivieso

## ANEXOS

### ANEXO I: LECTURAS OBRIGATORIAS (CURSO 2018-19)

#### DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ

1º ESO:	<ul style="list-style-type: none"><li>- <b>La música del viento</b>, Jordi Sierra y Fabra</li><li>- <b>Tengo el aura un poco gris</b> Paloma Bordons Edit. SM</li><li>- <b>Los niños de cristal</b> Kristina Ohlsson</li></ul>
2º ESO:	<ul style="list-style-type: none"><li>- <b>El rey de los mendigos y otros cuentos hebreos</b>, P. Schram V-V</li><li>- <b>El intercambio con un inglés</b>, Cristhine Nortlinger</li><li>- <b>El profesor de música</b>, Joël Hassan. Edelvives</li></ul>
3º ESO:	<ul style="list-style-type: none"><li>- <b>El Lazarillo de Tormes</b>. Adaptación de Eduardo Alonso Vicens Vives.</li><li>- <b>La dama del alba</b>, Alejandro Casona . Vicens Vives</li><li>- <b>Finis mundi, Laura Gallego</b>. Edit. SM</li></ul>
4º ESO:	<ul style="list-style-type: none"><li>- <b>El príncipe de la niebla</b>, Ruiz Zafón</li><li>- <b>Relato de un naufrago</b>, García Márquez</li><li>- <b>La casa de Bernarda Alba</b>, García Lorca</li></ul>

#### DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

1º ESO:	<u>Lecturas variadas</u>
2º ESO:	<u>A boca do inferno</u>
3º ESO:	<u>O corazón da Branca de neve, Xa non estou aquí, O corazón de Júpiter, 22 segundos</u>
4º ESO:	<u>Os nenos da varíola</u>
1º BACH.:	<u>Made in Galiza, A arte de trobar</u>
1º BACH.:	<u>A esmorga, Os biosbardos, A fiestra baldeira, O sol do verán</u>

#### DEPARTAMENTO DE INGLÉS

1º ESO:	"The Nutcracker" by E.T.A. Hoffman
2º ESO:	"Stories for the curious". Ed. Vicens Vives.
3º ESO:	"Mystery in San Francisco". Ed. Vicens Vives.
4º ESO:	"The Luckiest Girl in the World" Ed. Vicens Vives.
1º BACH.:	"A foreigner in Australia"

#### DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

4º ESO:	"Photos de nuit" (Thierry Gallier) Ed. Santillana
---------	---

## ANEXO II: ENQUISA (UN ANO DE PLAN LECTOR)

# UN ANO DE PLAN LECTOR

**Marca cun "X" a cuadrícula elexida**

ANTES DE LER NAS CLASES						DESPOIS DUN CURSO DE PLAN LECTOR					
Gustábache ler?	moito	algo	pouco	case nada	nada	Gústache ler?	moito	algo	pouco	case nada	nada
Por obriga, Cantos libros lías ó ano?	1	2	3	4	máis	Por obriga, Cantos libros les ó ano?	1	2	3	4	máis
Por iniciativa propia, Cantos libros lías ó ano?	1	2	3	4	máis	Por iniciativa propia, Cantos libros les ó ano?	1	2	3	4	máis
Interesábache ir facendo a túa propia biblioteca?	moito	algo	pouco	case nada	nada	Interésache ir facendo a túa propia biblioteca?	moito	algo	pouco	case nada	nada
Algunha vez comentaches cun compañeiro a trama dun libro, o seu posible desenlace ou calquer outro aspecto do mesmo?	moitas veces	varias veces	poucas veces	case nunca	nunca	Algunha vez comentas cun compañeiro a trama dun libro, o seu posible desenlace ou calquer outro aspecto do mesmo?	moitas veces	varias veces	poucas veces	case nunca	nunca
Algunha vez ias á biblioteca pública ou á do instituto buscar un libro?	moitas veces	varias veces	poucas veces	case nunca	nunca	Algunha vez vas á biblioteca pública ou á do instituto buscar un libro?	moitas veces	varias veces	poucas veces	case nunca	nunca
Cantas horas á semana adicabas a ler?	1	2	3	4	máis	Cantas horas á semana adicas a ler?	1	2	3	4	máis
Algunha vez pediches un libro como agasallo?	1	2	3	4	máis	Cantos libros, comprados cos teus cartos e por desexo propio?	1	2	3	4	máis
Intercambiabas libros cos compañeiros de clase?	moitas veces	varias veces	poucas veces	case nunca	nunca	Intercambias libros cos compañeiros de clase?	moitas veces	varias veces	poucas veces	case nunca	nunca
Con que resposta te identificabas? Ler é importante porque	Porque aprendo moito	exprésome mellor	fai-me sentir ben	Fai-me progresar nos estudos	Non é importante ler	Con que resposta te identificas? Ler é importante porque	Porque aprendo moito	exprésome mellor	fai-me sentir ben	Fai-me progresar nos estudos	Non é importante ler

Cres que les agora máis ou menos ca fai uns anos?	moito máis	máis	igual	menos
Cantas veces fuches á biblioteca do instituto nos últimos dous meses?	moitas veces	varias veces	poucas veces	nunca
Como chegou ás túas mans o libro que estás lendo?	é da biblioteca	compreino	doutra forma	non estou lendo
En que medida che parece que foi útil e beneficiosa para ti a actividade do Plan Lector?	moito	bastante	pouco	nada
Neste último curso, liches o mesmo ou máis ca nos anteriores?	moito máis	máis	igual	menos
Cres que é convinte continuar coa actividade do Plan Lector para que outros alumnos se aficionen a ler?	sen dúbida	si	si, con cambios	non
Con afán de melloralo, que aspectos modificarías do Plan Lector actual?	parte de atrás deste folio			

# PLAN LECTOR

## ANEXO III: CALENDARIO PLAN LECTOR 2018-19

**Comezo:** LUNS, DÍA 1 DE OUTUBRO

### 1º trimestre

OUTUBRO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
01 - 05	1ª HORA : 08,30-09,20				
08 - 11	2ª HORA : 09,20-10,10				
15 - 19	3ª HORA : 10,30-11,20				
22 - 26	4ª HORA : 11,20-12,10				
29 - 02	5ª HORA : 12,30-13,20				

### 2º trimestre

XANEIRO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
08 - 11	1ª HORA : 08,30-09,20				
14 - 18	2ª HORA : 09,20-10,10				
21 - 25	3ª HORA : 10,30-11,20				
28 - 01	4ª HORA : 11,20-12,10				

### 3º trimestre

ABRIL					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
23 - 26	3ª HORA : 10,30-11,20				
29 - 03	4ª HORA : 11,20-12,10				

NOVEMBRO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
05 - 09	6ª HORA : 13,20-14,10				
12 - 16	1ª HORA : 08,30-09,20				
19 - 23	2ª HORA : 09,20-10,10				
26 - 30	3ª HORA : 10,30-11,20				

FEBREIRO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
04 - 08	5ª HORA : 12,30-13,20				
11 - 15	6ª HORA : 13,20-14,10				
18 - 22	1ª HORA : 08,30-09,20				
25 - 01	2ª HORA : 09,20-10,10				

MAIO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
06 - 10	5ª HORA : 12,30-13,20				
13 - 16	6ª HORA : 13,20-14,10				
20 - 24	1ª HORA : 08,30-09,20				
27 - 31	2ª HORA : 09,20-10,10				

DECEMBRO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
03 - 05	4ª HORA : 11,20-12,10				
10 - 14	5ª HORA : 12,30-13,20				
17 - 21	6ª HORA : 13,20-14,10				

MARZO					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
07 - 08	3ª HORA : 10,30-11,20				
11 - 15	4ª HORA : 11,20-12,10				
18 - 22	5ª HORA : 12,30-13,20				
25 - 29	6ª HORA : 13,20-14,10				

ABRIL					
SEMANA	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
01 - 05	1ª HORA : 08,30-09,20				
08 - 12	2ª HORA : 09,20-10,10				